



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE IMPULSO DEMOGRÁFICO DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica, en relación ao Anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia, emite o seguinte INFORME,

I. INTRODUCIÓN

- A Comunidade Autónoma de Galicia vén experimentando nas últimas décadas un importante proceso de transformación demográfica, socioeconómica e cultural. O cambio demográfico implica unha modificación dos marcos de convivencia no fogar así como o progresivo cambio no mapa das estruturas familiares, cada vez más diversas. En Galicia, os procesos migratorios do século pasado, o reparto desigual e a dispersión da poboación no territorio, non compensada por procesos de retorno migratorio, determina balances negativos do crecemento vexetativo. Volve incluso a recobrar importancia a emigración. O cambio nos comportamentos reprodutivos, a supervivencia e lonxevidade da poboación, as pautas de conformación das familias e a distribución da poboación no territorio, así como o impacto das migracións, forman parte dun mesmo proceso do que é preciso tomar conciencia do seu carácter sistémico e artellar as medidas oportunas para xestionalo con éxito.

- O exposto determina dar respostas a nivel europeo e internacional. A nivel autonómico o desafío vense recollendo en diversos documentos de planificación:

No ano 2013, o Parlamento de Galicia aprobou o primeiro Plan de Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020 e no dito ano 2013, aprobouse a Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia, horizonte 2020, orientada a xestionar de xeito eficaz as necesidades derivadas do envellecemento da poboación.

Así mesmo no ano 2014 aprobase a Estratexia de inclusión Social de Galicia 2014-2020 con medidas específicas para combater a exclusión territorial.

Co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 establecense as medidas que culminan no Programa de apoio á natalidade, PAN Galicia, a través de tres áreas: axudas, conciliación e servizos.

No ano 2016 coa Estratexia galega de envellecento activo engadese un paquete de medidas de carácter integral.

No ano 2017 co VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

Igualmente na Estratexia Retorna 2020, desenvolvense as medidas para a volta dos galegos e galegas que emigraron e a súa descendencia.

Así mesmo o Plan de fixación de poboación no medio rural establece medidas de apoio á actividade socioeconómicas que permitan a creación e conservación do emprego neste ámbito.

No ano 2018 co Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 establecense as medidas de fomento de novas formas de organización do traballo, novas modalidades de xestión dos recursos humanos e das condicións laborais nas administracións e nas empresas.

- A nivel normativo, no ano 2016 aprobouse a creación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, polo Decreto 104/2016, do 28 de xullo, órgano colexiado para o coñecemento da realidade demográfica galega e de impulso a inclusión das perspectivas demográficas no deseño e desenvolvemento das actuacións administrativas.

Na dirección indicada e na vía do avance cómpre a necesidade de seguir incorporando a perspectiva demográfica no deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas, dándolle un carácter sistémico que supón na práctica lexislar en numerosos ámbitos materiais. Así, dada a proxección multidisciplinar, a súa regulación debe fundamentarse en diversos títulos competenciais autonómicos.

Xunto coa competencia autonómica en materia de fomento e planificación da actividade económica de Galicia (artigo 30.1.Un do Estatuto de autonomía), as previsóns normativas atopan o seu fundamento noutros títulos competenciais más específicos como os relativos ao réxime local, á ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, obras públicas, estradas, aproveitamentos hidráulicos, turismo, asistencia social e medio ambiente (artigo 27, números 2, 3, 7, 8, 12, 21, 23 e 30, do Estatuto de autonomía de Galicia); industria, agricultura e gandería (artigo 30.1. Dous e Tres do Estatuto de autonomía), educación e sanidade (artigos 31 e 33 do Estatuto de autonomía).

- Baixo o dito marco competencial, cómpre abordar a iniciativa dunha regulación normativa que estableza os fundamentos para o impulso demográfico de Galicia mediante o establecemento dos principios e das liñas de actuación das administracións públicas de Galicia, así como do conxunto de medidas que atinxen neste ámbito tanto ás ditas administracións públicas, á cidadanía e aos diferentes axentes que operan no seu territorio.

De conformidade co exposto, o Anteproxecto de Lei de apoio de impulso demográfico de Galicia que se presenta, ten por obxecto establecer os fundamentos para o dito impulso demográfico mediante a consecución dun desenvolvemento social, económico e ambiental sustentable baseado no capital humano, na innovación, na cohesión social e territorial e na conservación do patrimonio natural e cultural, que incremente o emprego e a súa calidade, a produtividade e a competitividade así como os recursos e servizos postos a disposición das familias, mellorando a renda e as condicións de vida da cidadanía en Galicia.

II. ESTRUTURA DO ANTEPROXECTO NORMATIVO

O Anteproxecto de Lei, na súa versión do 25.10.2019 componse de cento seis artigos distribuídos nun Título Preliminar e dous títulos, tres disposicións adicionais, unha derogatoria, e sete derradeiras.

O **Título preliminar** recolle as disposicións xerais da lei, o seu obxecto e finalidade, o ámbito de actuación, as definicións, os principios retores e os de actuación. De forma especial faiuse fincapé nos principios de transversalidade, de colaboración e cooperación entre as diferentes administracións públicas de Galicia, e de participación da cidadanía e dos axentes sociais que deben guiar a planificación e o desenvolvemento de todas as políticas públicas en materia demográfica.

O **Título I** divídese en tres capítulos.

No Capítulo primeiro establecense os criterios de actuación das administracións públicas de Galicia, destacando a obriga de incorporar a perspectiva demográfica en todas as súas políticas, en correspondencia co carácter sistémico que debe presidir a acción pública neste ámbito, o impulso da colaboración e cooperación dos diferentes niveis de administración, e a implicación do sector privado así como a participación cidadá. Cobra especial importancia neste senso o compromiso que asume a administración autonómica de traballar conxuntamente co resto de administracións públicas de Galicia, apoioando e impulsando as súas actuacións en materia demográfica.

No Capítulo segundo regúlase a organización administrativa que se considera necesaria para unha maior efectividade desta lei. Ademais do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, crea-se a Comisión para o Impulso Demográfico, como órgano de colaboración e cooperación das administracións públicas de Galicia en materia de impulso demográfico e a Comisión Técnica para o Impulso Demográfico, como órgano da administración autonómica para a coordinación das políticas autonómicas en materia demográfica. Preténdese reforzar e mellorar a coordinación inter e intra administrativa, incentivando a participación de todas as partes implicadas no deseño e aplicación de políticas públicas con impacto demográfico.

No Capítulo terceiro está dedicado ao fomento do estudo, sensibilización, formación e comunicación en materia demográfica. Tratase de impulsar as condicións para afondar no coñecemento da evolución da poboación e dos seus efectos, transferindo os resultados ao conxunto da cidadanía para contribuír á mellora da gobernanza e á implicación de toda a sociedade na abordaxe consensuada do reto demográfico.

O **Título II** aborda as políticas públicas para o impulso demográfico, núcleo central da lei. Consta de sete capítulos.



O Capítulo primeiro establece criterios xerais de actuación en materia de vivenda e nas políticas activas de emprego desenvolvidas pola Administración autonómica. Prevé a estandarización da renda familiar coa finalidade de dar un trato equitativo aos diferentes tipos e situacíons familiares.

O Capítulo segundo regula o apoio ás familias. O seu obxectivo é apoiar e promover o libre desenvolvemento das familias favorecendo que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen. Con esta finalidade desenvólvense medidas como o incremento do investimento en políticas de familia para a mellora da accesibilidade dos recursos de atención temperá e prestacións e axudas familiares por nacemento e adopción e para a mellora das vivendas, así como o apoio económico para o transporte e para o acceso á educación infantil 0-3 anos. Tamén recollese a previsión de espazos e a reserva de aparcamento para as familias nos edificios de uso público, entre outras. Así mesmo, recóllese un apoio específico ás familias numerosas en atención á súa especial contribución á sociedade, dada a súa achega ao relevo xeracional.

A pretensión última é a de establecer un marco xurídico e financeiro estable e o desenvolvemento de actuacíons integrais que garantan unha estrutura de servizos de atención ás necesidades das familias. Así mesmo, consolida as políticas de igualdade ao integrar a perspectiva de xénero para o desenvolvemento social e económico e elemento tractor do impulso demográfico.

No Capítulo terceiro abórdase a conciliación da vida familiar, laboral e persoal que, baixo o principio da asunción equilibrada das responsabilidades domésticas e de coidados e a superación dos roles e estereotipos de xénero, pretende impulsar e consolidar o desenvolvemento de políticas efectivas para que homes e mulleres poidan harmonizar as súas responsabilidades laborais e familiares en condicíons de igualdade.

O Capítulo cuarto pretende sentar as bases que garantan as condicíons necesarias para que os mozos e mozas galegos poidan desenvolver o seu proxecto vital e formar unha familia no territorio da nosa comunidade, buscando reforzar as súas capacidades e habilidades e fomentar as súas oportunidades de emprego.

O Capítulo quinto establece un marco favorable para o asentamento de nova poboación na comuni-dade autónoma. Con esta finalidade, impulsa o retorno da poboación galega residente no exterior e da súa descendencia mediante o afianzamento dos seus vínculos con Galicia, o acceso a programas e servizos en igualdade de condicíons que o resto da poboación galega e o apoio para conseguir a súa plena integración social e laboral. Así mesmo, recolle as previsións dirixidas á captación de nova poboación en correspondencia coas demandas do mercado laboral e ao desenvolvemento de programas de acollida que faciliten a integración das novas persoas que se asenten en Galicia.

O Capítulo sexto regula o marco necesario para o desenvolvemento equilibrado do territorio e o asentamento da poboación no medio rural e costeiro non urbano, impulsando a dotación de servizos relacionados coas súas necesidades específicas nos ámbitos do ensino, con especial referencia á for-



mación profesional, da conciliación, da cultura, da atención ás persoas maiores ou con discapacidade, entre outros.

Impulsar as actividades económicas no medio rural e costeiro non urbano máis alá do ámbito agroforestal e marítimo-pesqueiro. Igualmente, impulsar a modernización e diversificación da súa estrutura económica que garanta a sustentabilidade social, económica e medioambiental, puntualizando a planificación e dotación das telecomunicacións, innovación e tecnoloxías, relevo xeracional. Consecución dun tratamento diferenciado e positivo cara ao fomento das novas iniciativas e consolidación da actividade económica no rural e nas áreas costeiras non urbanas.

O valor e o desenvolvemento sustentable e integrador do medio rural é unha responsabilidade de toda a sociedade. A presente lei pretende impulsar a súa implicación nesta tarefa, con especial referencia aos axentes económicos e organizacións con actividade en Galicia pola súa potencialidade na consecución deste obxectivo.

No Capítulo séptimo abórdase a promoción do envellecemento activo e saudable, buscando a súa integración nas diferentes políticas públicas coa finalidade de asegurar o benestar durante todo o curso da vida, especialmente na vellez e promover, á súa vez, a participación das persoas maiores na sociedade, atendendo as situacions de soideza non desexada, visibilizando o seu papel como motor de cambio e contribuíndo ao seu empoderamento. Entre outras accións, impúlsase a aplicación das tecnoloxías neste ámbito e estimúlase a denominada economía do envellecemento, co obxecto de dar resposta ás necesidades e demandas das persoas maiores ao tempo que se aproveita a súa potencialidade, se reforzan os servizos de atención a domicilio, valorase a súa experiencia e fortalecense as relacións interxeracionais.

Na parte final, xunto co impacto normativo que determina a derogación de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nela, a habilitación para o seu desenvolvemento e a previsión sobre a súa entrada en vigor, destacanse as **tres disposicións adicionais** que recollen a determinación dun incremento mínimo do 50% sobre o aumento porcentual do gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no prazo de 5 anos dende a entrada en vigor da lei, a elaboración dunha estratexia conxunta das administracións públicas de Galicia para a ordenación e coordinación das políticas en materia de demografía e un plan de apoio ás familias monoparentais.

O anteproxecto de lei recolle sete **disposicións derradeiras** das que cinco incorporan as modificacións normativas que se indican:

Nesta redacción inicial, a través da disposición derradeira primeira modifícase o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia para flexibilizar os requisitos de titulación do persoal de apoio das escolas infantís nas franxas horarias de inicio e final da xornada sempre que se atenda un máximo de cinco nenos e nenas.



A disposición derradeira segunda, modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, coa creación do Comité de Ética dos Servizos Sociais de Galicia, para a análise e asesoramento nos conflitos éticos que se susciten na intervención social.

A disposición derradeira terceira, de modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, coa revisión do concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual destas familias. Introduce o mandato da creación dun Rexistro de Familias Monoparentais e recoñece dúas novas tipoloxías de familias de especial consideración, as familias en situación de especial vulnerabilidade económica e as familias vítimas de violencia de xénero, coa finalidade de que accedan ao trato preferente previsto para este grupo na dita lei. Así mesmo, actualiza a valoración contractual das políticas empresariais en materia de conciliación ás previsión desta lei.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, coa finalidade de aliñar a contratación pública aos obxectivos de impulso demográfico establecidos nesta lei.

A disposición derradeira quinta, introduce no texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro. Se elimina a preferencia das empresas con plan de igualdade ou que teñan o recoñecemento de Marca Galega de Excelencia en Igualdade, sempre que as súas propostas igualen ás más vantaxosas de conformidade coa vixente regulación de contratos do sector público que permite outras alternativas de maior incidencia e relevancia para a valoración das políticas empresariais en materia de igualdade. Así mesmo, recolle unha remisión expresa á valoración das políticas empresariais en materia de conciliación.

III. TRAMITACIÓN ANTEPROXECTO DE LEI

1. O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa reunión do 27 de xuño de 2019 autorizar **o inicio da tramitación** do Anteproxecto de Lei.

2. Ademais da intervención das consellerías de Xunta de Galicia, a través da **publicación do Anteproxecto de lei no Portal de transparencia** o 3 de xullo de 2019 e a **apertura do trámite de información pública** coa publicación a través do Anuncio do 01.07.2019 (DOG 03.07.2019.Corrección errores DOG 08.07.2019) posibilitase unha gran participación na elaboración da norma.

Recibíronse 336 alegacións e propostas que foron presentadas por parte das 25 organizacións e persoas físicas coas seguintes conclusións:

. Significativo interese que este anteproxecto de lei ten xerado no conxunto da sociedade galega. As achegas teñen unha orixe ampla e diversa, que abrangue tanto a sociedade civil como os axentes sociais e os partidos políticos, participando no proceso persoas físicas a título individual, asociacións e organizacións relacionadas directa e indirectamente coa materia regulada, axentes do terceiro sector, da economía social, etc... . Importante participación no trámite de exposición pública.



. O contido das achegas recibidas evidencia o elevado grao de adecuación do regulado na norma ás expectativas da sociedade.

. Importante e laborioso traballo desenvolvido polos departamentos da administración autonómica directamente relacionados co contido da norma que levou consigo novas revisións do texto (melloras na redacción en pro da súa claridade e concreción).

. Introdución de suxestións, tanto de carácter formal, que melloran a súa claridade, homoxeneidade e precisión, como de contido, que modulan o alcance dalgúns dos ámbitos previamente regulados. Así, téñense modificado un total de 29 artigos e 4 disposicións e engadíronse 4 novos artigos e unha disposición, o que nos permite concluír que o texto resultado deste proceso supón unha mellora importante do texto presentado inicialmente ao tempo que afonda na aliñación da norma cos intereses da sociedade.

O exposto queda recollido no informe sobre o tratamento das observacións, suxestións e alegacións elaborado polo órgano directivo competente en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, promotor do anteproxecto de lei, que se incorpora ao expediente.

3. Informes e ditames.

O Anteproxecto de lei foi informado polos seguintes órganos:

. Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral da Igualdade do 2 de agosto de 2019

Informe da Dirección Xeral de Función Pública do 24 de setembro de 2019.

Así mesmo, á Dirección Xeral de Función Pública achégala as propostas ao anteproxecto de lei e a certificación do acordo na Comisión de persoal.

. Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

. Ditame do Consello Galego de Benestar Social. Certificado do secretario do órgano expedido o 28 de novembro de 2019.

. Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 2 de decembro de 2019

. Informe da Xunta Consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Tras un primeiro estudo na Comisión de Secretarios Xerais Técnicos, o anteproxecto de lei na súa versión do 29.11.2019 sometese ao Ditame do Consello Económico e Social o 4 de decembro de 2019 que emite o seu ditame 1/2020, o 13 de xaneiro.



Tras os antecedentes, estrutura e contido, as consideracións xerais sobre a complexidade da norma e a súa transversalidade, a necesidade da maior concreción, a referencia ás dificultades derivadas da situación económica e laboral, a incorporación de medidas específicas, a maior dotación orzamentaria, a necesidade do desenvolvemento regulamentario, as observacións en materia contractual, a participación de interlocutores económicos e sociais, a observación sobre os aspectos formais do texto e o seu axuste ás directrices de técnica normativa, o ditame recolle unha serie de consideracións específicas referidas á parte expositiva e aos artigos 3, 4, 5, 6, 9, 12, 16, 17, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 31, 34, 38, 39, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 50, 54, 61, 62, 71, 76, 77, 79, 81, 82, 83, 84, 87, 89, 90, 91, 94, 96, 97, 100, 104. Igualmente pronunciase sobre á parte final e de xeito específico en relación á disposición derradeira primeira, sobre a modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á cidadanía, así como sobre a disposición derradeira segunda en relación á creación do Comité de Ética dos servizos sociais de Galicia e sobre a disposición derradeira quinta referida á modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro.

O tratamento das observacións recollese no informe elaborado polo órgano directivo competente en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, que se incorpora ao expediente.

5. O Anteproxecto de lei foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica Xeral.

Con data 9 de xaneiro de 2020 a Asesoría Xurídica Xeral emite o seu informe que, tras o estudo dos antecedentes, as observacións xerais sobre a competencia, a análise do procedemento de elaboración da norma, o fundamento competencial e normativo, procedeceu ao seu estudo formulando as observación xerais e específicas sobre o dito anteproxecto normativo.

Sobre o procedemento na elaboración de normas con rango de lei, a Asesoría Xurídica Xeral observa a ausencia dunha norma autonómica que de xeito completo e integrado regule o dito procedemento e a consecución dos trámites na súa elaboración, acudindo por tanto aos previstos en normas dispersas como a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, a Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e a Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se establece o contido mínimo da memoria económico financeira nos casos de iniciativas lexislativas ou de aprobación de normas con rango regulamentario, plans ou programas de actuación, a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, todo elo sen prexuízo da materia obxecto da regulación que determine acudir a normas sectoriais.

Co exposto, a Asesoría Xurídica Xeral fai mención á incorporación ao expediente do informe do Consello Económico e Social de Galicia, en virtude das materias que sexan preceptivas para a



emisión do seu ditame de conformidade co disposto no artigo 5.1.1 a) da Lei 6/1995, do 28 de xuño, polo que se crea o dito órgano consultivo. Ao respecto, dada a transversalidade da norma en estudio e de conformidade coa antedita lei, o ditame foi debidamente recabado e recibido o seu pronunciamento como xa consta no número anterior deste informe.

Así mesmo, polo que se refire as diversas medidas que inciden sobre o réxime do persoal do sector público autonómico, o anteproxecto de lei foi obxecto do estudo e informe polo órgano directivo competente en materia de función pública. O dito órgano elevou aos órganos de persoal e negociación colectiva ás ditas medidas contidas no anteproxecto de lei e que foron obxecto de observación e suxestións e que se incorporan ao expediente.

Igualmente, polo que se refire ás medidas que afectan á materia de contratación do sector público, o anteproxecto de lei foi obxecto de estudo pola Xunta Consultiva de contratación da Comunidade Autónoma que emitiu o seu informe e que se incorpora ao expediente. Ao respecto, indicase que o anteproxecto foi así mesmo remitido á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, órgano ao que está adscrito o dito órgano consultivo específico.

Por outra banda, tras as recomendacións sobre correccións gramaticais, o axuste ás directrices de técnica normativa e á terminoloxía da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, procede á análise da parte expositiva, do texto articulado e da parte final.

De forma específica aos artigos 2, 3, 6, 8, 20, 28, 29, 38, 46, 50, 55, 98, a disposición adicional segunda sobre a estratexia de impulso demográfico, a disposicións adicionais terceira sobre o plan de apio ás familias monoparentais, a disposición derradeira primeira., sobre a modificación do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á cidadanía, a disposición derradeira segunda referida á creación do Comité de Ética dos servizos sociais de Galicia, a disposición derradeira terceira que recolle á modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apio á familia e á convivencia de Galicia, a disposición derradeira quinta, sobre a modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro, así como a observación sobre a introducción dunha nova disposición derradeira coa modificación da norma do empregado público. Por último incide sobre a entrada en vigor recollida na disposición derradeira séptima.

O tratamento das observacións recollese no informe elaborado polo órgano directivo competente en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, que se incorpora ao expediente.

6. Resultado da tramitación na fase do executivo, o texto do anteproxecto de lei componse agora de cento seis artigos distribuídos nun Título Preliminar e dous títulos (estes subdivididos en capítulos), tres disposicións adicionais, unha derogatoria e nove derradeiras. Estruturase como se indica:

TÍTULO PRELIMINAR. Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade da lei*

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Artigo 3. *Definicións*

Artigo 4. *Principios reitores*

Artigo 5. *Principios de actuación*

Artigo 6. *Principios específicos en materia de familia*

TÍTULO I. Criterios de actuación e organización para o impulso demográfico

CAPÍTULO I. Carácter sistémico das políticas demográficas

Artigo 7. *Incorporación da perspectiva demográfica*

Artigo 8. *Análise do impacto demográfico*

Artigo 9. *Informe periódico e indicadores en materia demográfica*

Artigo 10. *Colaboración e cooperación interadministrativa*

Artigo 11. *Criterios de actuación das administracións locais*

Artigo 12. *Apoio ás administracións locais*

Artigo 13. *Colaboración co sector privado*

Artigo 14. *Colaboración do terceiro sector social*

Artigo 15. *Participación cidadá*

Artigo 16. *Contratación*

Artigo 17. *Axudas e subvencións públicas*

CAPÍTULO II. Organización administrativa

Artigo 18. *Competencias do Consello da Xunta de Galicia*

Artigo 19. *Comisión para o Impulso Demográfico*

Artigo 20. *Comisión Técnica para o Impulso Demográfico*

Artigo 21. *Observatorio Galego de Dinamización Demográfica*

CAPÍTULO III. Estudo, sensibilización, formación e comunicación

Artigo 22. *Estudo en materia demográfica*



Artigo 23. *Sensibilización social en materia demográfica*

Artigo 24. *Formación no ámbito educativo*

Artigo 25. *Formación do persoal ao servizo do sector público autonómico en materia demográfica*

Artigo 26. *Medios de comunicación social*

TÍTULO II. Políticas públicas para o impulso demográfico

CAPÍTULO I. Criterios xerais

Artigo 27. *Políticas activas de emprego*

Artigo 28. *Apoio no acceso e á permanencia na vivenda*

Artigo 29. *Renda familiar estandarizada*

CAPÍTULO II. Apoio ás familias

Artigo 30. *Incremento do investimento en políticas de familia*

Artigo 31. *Prestacións e axudas familiares por nacemento, adopción ou acollemento preadoptivo*

Artigo 32. *Accesibilidade dos recursos de atención temperá*

Artigo 33. *Axuda ás familias máis vulnerables*

Artigo 34. *Axuda para a mellora das vivendas*

Artigo 35. *Apoio económico para o transporte*

Artigo 36. *Apoio económico para o acceso á Educación Infantil 0-3*

Artigo 37. *Selo para establecementos amigables coas familias con nenos e nenas*

Artigo 38. *Especial consideración das familias numerosas*

Artigo 39. *Espazos para as familias nos edificios de uso público*

Artigo 40. *Reserva de aparcamento para as familias*

Artigo 41. *Bancos de leite materno*

Artigo 42. *Asistencia sanitaria á reproducción*

CAPÍTULO III. Conciliación da vida familiar, laboral e persoal

Sección 1ª. Principios xerais

Artigo 43. *Criterios xerais de actuación en materia de conciliación*

Artigo 44. *Defensa da maternidade e paternidade nos procedementos penais*



Sección 2ª. Educación infantil 0-3 anos e recursos e servizos de conciliación

Artigo 45. Accesibilidade dos recursos e servizos de conciliación

Artigo 46. Medidas de protección da saíde infantil nos recursos e servizos de conciliación

Artigo 47. Educación infantil 0-3

Artigo 48. Atención das necesidades puntuais de conciliación

Sección 3ª. Conciliación no sector público

Artigo 49. Desenvolvemento profesional

Artigo 50. Impulso da flexibilidade

Artigo 51. Bolsa de horas de libre disposición

Artigo 52. Recursos de conciliación

Sección 4ª. Conciliación no sector privado

Artigo 53. Implicación do sector empresarial

Artigo 54. Axudas para facilitar a conciliación

Artigo 55. Promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico

Artigo 56. Racionalización de horarios

Artigo 57. Conciliación e corresponsabilidade na negociación colectiva

Artigo 58. Reserva de solo empresarial para recursos de conciliación

CAPÍTULO IV. Apoio á mocidade

Artigo 59. Criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade

Artigo 60. Formación orientada ao mercado laboral e ás potencialidades do territorio

Artigo 61. Educación non formal e voluntariado

Artigo 62. Impulso do emprendemento

Artigo 63. Impulso da innovación, tecnoloxía, creatividade e das tecnoloxías da información e a comunicación

Artigo 64. Relevo xeracional

CAPÍTULO V. Retorno e atracción de nova poboación

Sección 1ª. Criterios xerais de actuación

Artigo 65. Mellora do saldo migratorio e das taxas de poboación activa



Artigo 66. *Estímulo das actividades económicas*

Artigo 67. *Incorporación ao sistema educativo*

Sección 2ª. Fomento do retorno da poboación galega residente no exterior

Artigo 68. *Afianzamento dos vínculos coa poboación galega residente no exterior*

Artigo 69. *Igualdade de condicións no acceso a programas e servizos*

Artigo 70. *Apoio no proceso de retorno*

Sección 3ª. Atracción de nova poboación

Artigo 71. *Mercado laboral*

Artigo 72. *Inclusión social*

Artigo 73. *Formación para o emprego*

CAPÍTULO VI. Equilibrio territorial

Artigo 74. *Valorización do medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 75. *Consideración dos desequilibrios demográficos*

Artigo 76. *Desenvolvimento sustentable das políticas e servizos públicos*

Artigo 77. *Accesibilidade dos servizos públicos*

Artigo 78. *Mobilidade*

Artigo 79. *Telecomunicacións*

Artigo 80. *Servizos para as persoas maiores no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 81. *Servizos para as persoas con discapacidade no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 82. *Prazas educativas e recursos de conciliación*

Artigo 83. *Estándares de calidad no ensino*

Artigo 84. *Formación profesional*

Artigo 85. *Acceso á cultura e fomento das actividades e industrias creativas e culturais*

Artigo 86. *Fomento do turismo sustentable e inclusivo*

Artigo 87. *Acceso á terra*

Artigo 88. *Impulso das actividades agroforestais*

Artigo 89. *Sustentabilidade das actividades agroforestais e marítimo-pesqueiras*

Artigo 90. *Diversificación da actividad económica*

Artigo 91. *Relevo xeracional no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 92. *Innovación e tecnoloxía no medio rural e costeiro non urbano*

Artigo 93. *Tecnoloxías e competitividade*

Artigo 94. *Incentivos e bonificacións impositivas ao investimento*

Artigo 95. *Solo empresarial*

Artigo 96. *Apoio ao comercio de proximidade*

Artigo 97. *Servizos financeiros e bancarios*

Artigo 98. *Responsabilidade social territorial*

CAPÍTULO VII. Envellecemento activo e saudable

Artigo 99. *Criterios xerais de actuación para o envellecemento activo e saudable*

Artigo 100. *Tecnoloxía aplicada ao envellecemento activo e saudable*

Artigo 101. *Economía do envellecemento*

Artigo 102. *Cuarto ciclo*

Artigo 103. *Posta en valor da experiencia*

Artigo 104. *Atención a domicilio e acompañamento para as persoas maiores e con limitacións funcionais ou de autonomía persoal*

Artigo 105. *Prevención e atención da soildade non desexada*

Artigo 106. *Reforzo das relacións interxeneracionais*

Disposición adicional primeira: *Incremento do investimento en políticas de familia*

Disposición adicional segunda: *Estratexia de impulso demográfico*

Disposición adicional terceira: *Plan de apoio ás familias monoparentais*

Disposición derogatoria *Derrogación normativa*

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia*

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia*

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apio á familia e á convivencia de Galicia*

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público*



Disposición derradeira quinta. *Modificación do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro*

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia*

Disposición derradeira séptima. *Creación do Rexistro das Famílias Monoparentais Galegas*

Disposición derradeira oitava. *Desenvolvemento regulamentario*

Disposición derradeira séptima. *Entrada en vigor*

IV. CONCLUSIÓN

De acordo co exposto, á vista das observacións e os informes recabados, considerase que o Anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aprobación polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente o Anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020

A subdirectora xeral de Coordinación Administrativa



Irene Oti Cabanelas

Esta secretaría xeral técnica, nos termos da proposta, informa favorablemente o Anteproxecto de lei de impulso demográfico de Galicia conforme a súa legalidade.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2020

A secretaría xeral técnica

Maria Francisca Gómez Santos

